

BRANDARIZ E REI  
PRESENTAN:



CONCERTO MAGNÍFICO

## A COMPAÑÍA

Pedro Brandariz e Fran Rei levan xuntos profesionalmente desde o ano 2001. As súas carreiras conxuntas xorden a partir dunha serie de cursos de iniciación e perfeccionamento de clown impartidos pola compañía Good Idea Company e promovidos e organizados polo Festival Internacional de Clown de Galicia (Festiclown), dirixido por Iván Prado.

En todos estes anos, formáronse na arte do clown, o bufón e o teatro cómico, baixo a imprescindible tutela do Festiclown, en cursos e obradoiros con algúns dos mestres máis prestixiosos a nivel internacional, entre os que cabe destacar a Leo Bassi, Eric de Bont, Jango Edwards ou Carlo Colombaioni.

Actualmente, Brandariz e Rei son unha compañía estable dentro do panorama teatral galego, e nestes máis de quince anos de traxectoria levan posto en escena conxuntamente uns vinte espectáculos, ademais de diversos proxectos individuais e con outras compañías, mantendo sempre o humor e a comicidade como sinal de identidade.

Entre as súas producións teatrais, cabe destacar Cousas de Mulleres, O Gordo e o Calvo, Dous Pallasos en Máis Apuros ou Bivalvos como Galegos. Ademais, entre os anos 2013 e 2017, Pedro Brandariz e Fran Rei foron unha das parellas cómicas do programa Luar da TVG.





## O ESPECTÁCULO

Brandariz e Rei presentan *Concerto Magnífico*, unha revisión cómica e desafinada do, ata agora, sempre serio e formal mundo da música culta.

Creada pola propia compañía, coa colaboración do prestixioso dramaturgo e director arxentino Walter Velázquez, e co asesoramento de Iván Prado e Avelino González, a partir de farsas circenses clásicas, *Concerto Magnífico* está protagonizada por Pedro Brandariz e Fran Rei e orientado para un público infantil e familiar.

Estreado na Casa da Cultura de Outes (A Coruña) o 24 de outubro de 2016, *Concerto Magnífico* é un espectáculo en rigoroso *play-back*, no cal a nosa parella protagonista convértese nun dúo de refinados músicos de cámara que, a través de diversas situacións disparatadas e cómicas, daránlle a volta ao sempre elegante e elevado universo da música clásica.

Con esta divertida produción, a compañía volve apostar pola recuperación e actualización de diversos *gags* do pallaso tradicional, compoñendo unha peza cómica, orientada ao público infantil e familiar. Nesta ocasión, Brandariz e Rei presentan diversos *sketches*, co fío condutor dun concerto de música culta que parece non comezar nunca. Ao longo dos 60 minutos de espectáculo, van aparecendo torpes directores de orquestra, patéticos solistas con instrumentos improvisados e mesmo un quinteto de cámara de xurdido de entre o público. O mundo das partituras, das batutas, dos acordes ou do ballet clásico, coa banda sonora de Beethoven ou Radenzky, visto a través do prisma aloucados Brandariz e Rei.



### FICHA ARTÍSTICA

Elenco: Pedro Brandariz e Fran Rei

Autor: Brandariz e Rei e Walter Velázquez

Vestuario: Chus Aldrey

Responsable técnica: Paula Castro

Fotografía e imaxe: Ene-A Fotógrafos

Xénero: teatro cómico e clown

Duración do espectáculo: 60 minutos

Público: infantil e familiar

Produción e distribución: Culturactiva SCG

[+ info](#) [▶ ver vídeo](#)



## O ELENCO

### PEDRO BRANDARIZ

Membro fundador de Os Sete Magníficos máis Un, Pedro Brandariz ten participado ata o momento en oitos dos espectáculos da compañía oficial do Festiclown. Aborda o humor dende moi diferentes eidos: actor, *clown*, monologuista cómico, contacontos...

Artista “polipatético”, ten un amplo curriculum teatral. Ademais do seu traballo en Os Sete Magníficos máis Un, igualmente é membro das compañías Teatro do Astracán, Manicómicos, Producións Desaqueouloutradas e DINAMO Teatro. Tamén ten participado en espectáculos de cabaré, como “conteiro” (monologuista por se non se entende) e en diversos proxectos audiovisuais curtas de cinema ou televisión (*Luar, Para Mariñeiros Nós...*)

Do seu currículo formativo destacan nomes como Leo Bassi, Carlo Colombaioni, Eric de Bont, Jango Edwards e Peter Ercolano, Loco Brusca, Elliot, ... cos cales aprendeu diversas técnicas teatrais, como *clown*, teatro cómico, contacontos ou bufón.



### FRAN REI

Fran Rei é membro e coordinador de Os Sete Magníficos máis Un - compañía oficial do Festival Internacional de Clown de Galicia - desde a súa fundación no ano 2001 e ten participado en once dos seus espectáculos. Ademais, como actor é

membro das compañías Producións Acontrabuta (*Frantasmás*), Bagunça Teatro (*Que Máis Dá!*) e é director artístico de Teatro do Astracán. No eido audiovisual, destaca a súa participación no programa *Luar* da TVG formando parella cómica habitual con Pedro Brandariz.

Paralelamente ao seu traballo nos escenarios, desenvolve a súa carreira como mestre de dramatización e teatro e nestes últimos anos é responsable da creación e dinamización de diversos grupos de teatro amator. Especialista en *clown*, imparte regularmente cursos e obradoiros de iniciación e perfeccionamento desta técnica teatral. Igualmente, entre 2001 e 2008 foi coordinador de diversos festivais de artes escénicas, como o Festiclown, Magiclown ou Firaclown e actualmente é membro da xunta directiva da Asociación Galega

de Artistas de Circo.

Sempre ao abeiro do Festival Internacional de Clown de Galicia, Fran Rei estase a formar en diversas disciplinas teatrais como *clown*, bufón, circo ou interpretación con algún dos mellores mestres internacionais como Leo Bassi, Eric de Bont, Antón Valén, Jango Edwards ou Carlo Colombaioni.



## GALERÍA





# BRANDARIZ E REI • CONCERTO MAGNÍFICO



CONTRATACIÓN:

**981 582 836**

[info@culturactiva.org](mailto:info@culturactiva.org)



[www.culturactiva.org](http://www.culturactiva.org)